Vista a proposta da oncellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor denominado "Contrato mixto de subministro e servizo para a posta en marcha das 5 estacións antigas de VaiBike e mantemento tecnolóxico das mesmas" á Empresa Instituto Tecnolóxico de Castilla y León (ITCL) por un importe 14.990,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.147,90 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 18.137,90 €, con cargo á partida 134.22799.

A oferta inclúe o subministro e posta en marcha de:

- 5 unidades PC configurados.
- 5 unidades Conversores Moxa.
- 60 unidades Candados BICICARD
- 60 unidades led.
- 15 unidades tarxetas electrónicas.
- 5 unidades routes.

O prazo de execución é de dous meses.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/0171**

Dáse conta da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento Ordinario 260/2020 que estima o recurso contencioso-administrativo interposto por Construcciones Obras y Viales SA fronte á desestimación do recurso de alzada presentado no Concello contra a desestimación, tamén presunta, da reclamación de pago efectuada á Xunta de Compensación ETD 16 Vilagarcía, pola execución das obras de urbanización do ET-16, entre as Rúas Rosalía de Castro, Tv. de Rosalía de Castro e Rúa de Nova Apertura.

Condena á referida Xunta de Compensación a aboarlle a cantidade de 34.226,57 € mais os xuros de demora correspondentes.

Condena ao Concello a executar parcialmente o aval bancario para proceder mediante él ao pago da referida débeda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Empresa Construcciones Jacinto Vidal SL que proceda ao aboamento á Empresa Construcciones, Obras y Viales SA do importe indicado de 34.226,57 €, máis xuros de demora, facendo constar que de non proceder ao aboamento o Concello procederá á execución parcial do aval bancario depositado.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2023/0130**

Dáse conta da resolución de data 29 de decembro de 2022 remitida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 22

de xullo de 2022 para o curso 2022/2023 (procedemento BS420D). As contías concedidas de acordo coas liñas de axuda e anualidades son:

LIÑA 1- mantemento- Total concedido: 117.818,18 euros

- Anualidade 2022: 72.000,00 euros

- Anualidade 2023: 45.818,18 euros

LIÑA 2- gratuidade atención educativa – Total concedido:128.347,01 euros

- Xaneiro- xullo/agosto 2022: 29.812,09 euros

- Setembro- Decembro 2022: 35.830,88 euros

- Xaneiro- Xullo 2023: 62.704,04 euros

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/0156**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 5.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2023 – Liña 2, Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Proxecto Empatiza”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade:

- Contía solicitada: 5.000,00 €

- Aportación do Concello 3.929,80€

- TOTAL: 8.929,80€

O proxecto inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha Entidade externa.

### **PRP2023/0157**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 3.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2023 – Liña 2, para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Proxecto Teatro Foro”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: Proxecto Teatro Foro, cun orzamento total de 5.130,40€ (IVE incluído).

- Contía solicitada: 3.000,00 €

- Aportación do Concello 2.130,40€

O proxecto inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha Entidade externa.

### **PRP2023/0158**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 3.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2023 – Liña 2, para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Proxecto Prevención da Adicción ao Xogo de Apostas”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade, cun orzamento total de 3.097,60€ (IVE incluído).

- Contía solicitada: 3.000,00 €

- Aportación do Concello: 97,60€

O proxecto inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha Entidade externa.

### **PRP2023/0160**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 7.181,00€ ao abeiro do Plan Concellos 2023 – Liña 2, para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Estimulación Cognitiva e Psicomotriz”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: Estimulación Cognitiva e Psicomotriz, cun orzamento total de 11.286,00€ (IVE incluído).

- Contía solicitada: 7.181,00€

- Aportación do Concello 4.105,00€

O proxecto inclúe gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte dunha Entidade externa.

#### **PRP2023/0174**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece SA para o servizo de limpeza da aula do reforzo educativo do PIEX no Centro Cultural A Torre, por un importe total de 1.724,28€ (IVE incluído) durante o ano 2023, con cargo á partida 231-22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2023/0183**

Vista a proposta a Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os servizos de planificación, xestión e mantemento das redes sociais e páxina web do Festival Internacional de Música clasclás para o ano 2023 a Dña. Cristina Durán Recuna con NIF 35476266P polo importe total de 2.383,70 € (1.970,00 € + 413,70 € do IVE) desagregado nun primeiro pago de 1.197,90€ (990 € + 207,90 € do IVE) correspondentes aos meses xaneiro – marzo e un segundo pago de 1.185,80 € ( 980,00 + 205,80 € do IVE) correspondente aos meses de abril – xullo de 2023, con cargo ao Proxecto financiado con RRPP do orzamento do festival clasclás para o ano 2023 (partida orzamentaria 3261.22706).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **MERCADOS**

#### **PRP2023/0175**

Visto o escrito de Don Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., con motivo da celebración das comparsas de Entroido 2023, na Avda. da Mariña, fronte ao establecemento Gominolandia.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

### **PRP2023/0176**

Visto o escrito de Don Carlos Amo Doce, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros de 2 m., con motivo da celebración das comparsas de Entroido 2023, no lugar habitual de todos os sábados e domingos, na Avda. da Mariña.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2023/0153**

Coa finalidade de dinamizar o ocio e tempo libre na época de nadal para que a cidadanía puidese disfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer, programáronse unha serie de iniciativas recreativas e culturais a desenvolver na época do nadal. Entre elas, acordouse, na XGL do 5/12/2022, realizar o programa de Autocine Nadal (3 sesións previstas en Fexdega os días 23, 30 de 2022 e o 6 de xaneiro de 2023 e unha sesión de Cine na rúa, na II Republica, prevista para o pasado 17 de decembro de 2022. Pero debido as malas condicións climatolóxicas soamente puido realizarse a sesión de Autocine do 6 de xaneiro de 2023.

Polo tanto e en base ao exposto anteriormente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Anular en parte ó acordado, na XGL do 5/12/2022, no que se aprobou un orzamento total 4.900,50 € (21% live engadido) a cargo da partida orzamentaria da Concellería de Xuventude de 2023 xa que soamente realizouse unha sesión das 4 previstas. Sendo o total que vai facturar á empresa adxudicataria das actividades (Mr. Misto Pro and Ser) 1512,50 € (ive do 21% engadido) correspondente á sesión de autocine do pasado 6 de xaneiro de 2023.

2.- O reintegro da cantidade sobrante das sesións de autocine e cine na rúa, que non se proxectaron debido ao mal tempo, e que ascende a un total de 3388€ (ive engadido do 21%) na

partida orzamentaria correspondente.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/0111**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Oziona Soluciones de Entretenimiento SL para a reparación de varias pezas dunha pontella que une dúas estruturas no Parque Infantil de Miguel Hernández, por un importe total de 774,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0112**

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato menor para o subministro dun soprador para o Servizo de Medio Ambiente a D. Francisco Padín Silva (MADECO), por un importe total de 670,00 € (IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 1720.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0115**

O pasado día 5 de Xaneiro de 2023 chegou ao Concello unha denuncia D 152/2022 procedente de Augas de Galicia por cotra de vexetación na ribeira no lugar Marxón, na que ponse en antecedentes dos feitos denunciados:

En data 12/11/2022 os axentes da Consellería de Medio Ambiente emitiron denuncia por corta de vexetación de ribeira a matarrasa no regato que pasa pola rúa Carrizo do concello de Vilagarcía de Arousa.

En data 01/12/2022 a Gardería Fluvial de Augas de Galicia realiza visita in situ, na parcela con referencia catastral 36060A028000380000GH na que aparece coma titular José Rodríguez Buján, o que alega que no é propietario da mesma que ten solicitado a baixa da titularidade catastral da mesma, esta mesma persoa denunciada manifesta que a corta foi realizada polo Concello.

Por todo isto o Encargado do do servizo de medio ambiente do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, emite un informe o 16 de xaneiro de 2023, onde expón as consideracións correspondentes en relación coa actuación do concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe do Servizo de Medio Ambiente a Augas de Galicia.

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2022/4578**

Ao abeiro da convocatoria do do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022-2023) da Deputación de Pontevedra, a Área de Igualdade propón solicitar unha subvención para a

realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero.

Ese programa consta de dúas actividades de promoción da Igualdade:

- Curso de formación para o emprego de Actividades auxiliares de almacen dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade.
- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural.

En base ao anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a MEMORIA descritiva e orzamento para a realización do citado Programa, por importe de 12.995,00€.
- Aprobar a solicitude de subvención por importe de 10.500,00€ e o cofinanciamento por parte do Concello de 2495,00, con cargo á partida 2312.22610.

### **PRP2023/0159**

Dentro dos obxectivos da Área de Persoas Maiores figura a mellora do envellecemento activo da poboación, obxectivo que se ven cumprindo ao longo dos últimos anos coa organización, entre outras actividades, de obradoiros de estimulación cognitiva cunha grande demanda que vai incrementándose ano tras ano.

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a realización do programa ACTIVATE, consistente en tres obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores. Dito programa estaría cofinanciado pola Deputación de Pontevedra por medio do PLAN DE CONCELLOS 2023.

Trátase de 3 grupos de 20 persoas por grupo ( 60 prazas en total) e de 2 horas de duración cada sesión. As clases impartiríanse no Auditorio Municipal previsiblemente os martes, a espera de confirmación da reserva exacta do día. A duración do servizo distribuiríase ao longo do ano en dúas fases: a primeira entre os meses de marzo a xuño, e a segunda entre os meses de setembro a decembro do 2023.

Adxudicar á Entidade AFAGA ALZHEIMER, Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de Galicia ,Avda. Martínez Garrido, 21 Interior - 36205 Vigo, CIF G36776920 o contrato menor para a realización dos obradoiros, por un importe total de 11.286,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22610.

### **SPAD**

#### **PRP2023/0231**

Dáse conta de informe da Coordinadora do SPAD en relación coa documentación solicitada pola FEGAMP para o traspaso da UDA de titularidade municipal.

Á vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que o edificio onde actualmente se ubica o SPAD é de titularidade municipal, polo que de levarse a cabo o traspaso da UDA, o Concello cedería o uso do mesmo, debendo asumir o organismo que o utilice a súa conservación e mantemento.

### **CULTURA**

#### **PRP2023/0161**

Vista a solicitude de AINE PRODUCCIÓN SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 21 de xaneiro de 2023, durante todo o día, para a celebración do espectáculo RECORTES, CANEOS E OUTRAS FORMAS DE



DRIBLAR, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 22 €; Zona B: 20 €; Zona C: 18 €) máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 147,90 €
- Operarios (2): 295,80 €
- Persoal de taquilla (2): 163,20 €
- TOTAL: 871,60 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/0089**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2022, de adxudicación de servizo de Reforzo Educativo desde o 1 de decembro de 2022 ao 30 de xuño de 2023 (80% financiado con Fondos Europeos FEDER) na aplicación orzamentaria 231-2279917 do proxecto 2018-3-DUSI-3 da Liña de Actuación VLG\_A17\_INCL (OT9).

Figurando no mesmo:

Natalia Celia Singerman Orsomarzo -35.641.853H

Debendo figurar:

Natalia Cecilia Singerman Orsomarzo35.641.853H

A Xunta de Goberno Local queda decatada e acorda corrixir o erro indicado

### **PRP2023/0145**

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 2 de decembro de 2022, previa solicitude, concédese a este Concello unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclablers nos concellos da Rede Ágora, ao que este concello está adherido, por importe total de 48.841,65 € para a redacción de tres proxectos entre os que se encontra a “Recuperación da Fachada Marítima”.

A zona de actuación do proxecto está situada ao inicio do tronco do Muelle do Ramal, nun terreo ganado ao mar, que nunca foi configurado urbanamente. En principio os seus usos deberon ser os propios dun espazo portuario pero coa perda deste uso, o vacío se está a utilizar coma aparcadoiro ou eventualmente, para a celebración dalgún evento ou instalación temporal.

O Concello de Vilagarcía acaba de facer a compra dunha parcela que fai de nexo entre a cidade e a praia e que hoxe en día é un aparcadoiro de vehículos a motor na mellor zona de Vilagarcía de Arousa, nunha zona de luxo onde os vehículos poden aparcar con vista ao mar, impedindo que as persoas poidan acceder libremente e seguras ás nosas praias, podendo acceder entre naves do Porto e dos coches, ou ben que través dunha pequena pasarela de formigón que ten moitos quebros e que dificulta o acceso ás persoas con mobilidade reducida, os carriños de bebés e as bicicletas, ademais de ser tan estreita que é difícil o cruce entre persoas.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción de proxecto de Recuperación da Fachada Marítima” ao Arquitecto don Manuel Tanoira Carballo (NIF: 35458826W) por un importe de 14.849,00 € ao que lle corresponde un IVE 21% de 3.118,29 €, o que totaliza un importe de adxudicación 17.967,29 € cofinanciada con cargo á subvención concedida pola RED ÁGORA da Deputación de Pontevedra para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís, con cargo á partida 150.640.

### **PRP2023/0146**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 29 de agosto de 2022 aprobouse o proxecto técnico denominado "Construción dunha glorieta na intersección da rúa Fontecarmoa coa Avd. de Cambados", redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos dona Marta Rodríguez Yanes, por un orzamento de execución por contrata de 190.213,48€, deixando sen efecto a aprobación realizada, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2022, sobre o mesmo proxecto.

Con data 09 de setembro de 2022 se dita Resolución de Alcaldía por medio da cal aprobouse o expediente para a execución da obra denominada “Construción dunha glorieta na intersección da rúa Fontecarmoa coa Avd. de Cambados” mediante procedemento aberto simplificado a través de Plataforma de Contratación del Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o mesmo.

Con data 21/11/2022 a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de obras “Construción dunha glorieta na intersección da rúa Fontecarmoa coa Avd. de Cambados” á mercantil CIF: B94101946 GALSUR PROXECTOS E OBRAS, S.L.U por un importe de 179.751,74 (IVE engadido). En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demás autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

O concello de Vilagarcía de Arousa unicamente dispón na súa plantilla dun arquitecto que ten encomendado, entre outros, tarefas de redacción de proxectos, de informes relativos temas urbanísticos e de planeamento, ademais de asistir as reunións e sesións de traballo de modificación do actual PXOM de Vilagarcía de Arousa.

Dada a carga de traballo que soporta este técnico non é posible que asuma a dirección dunha obra cun prazo de execución de 3 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado “Construción dunha glorieta na intersección da rúa Fontecarmoa coa Avd. de Cambados”, á mercantil Antea Iberolatam, S.L.U. con CIF B-15080849 , por un Importe Total de 14.850,00 € (IVE excluído), ó que corresponde un IVE de 3.118,50 €, o que totaliza un importe de 17.968,50 € (IVE incluído), con cargo á partida

150.640.

**PRP2023/0172**

Dáse conta da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a participación e aceptación expresa deste municipio á presentación por parte de D. Óscar Rodríguez Gutierrez, en representación da entidade Espiña e Delfin SL, con CIF B15026693 do proxecto con título: Automatización e dixitalización do ciclo da auga nos concellos de Cartelle, Cerceda, Coirós, Leiro, Negreira, Palas de Rei, Sarria, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, xestionados por Espiña E Delfin SL, para a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do plan de recuperación, Transformación e Resiliencia (Orde TED/934/2022, do 23 de setembro).
- O devandito proxecto contempla a listaxe de actuacións a realizar no municipio e de interese para o mesmo, coas previsións estimadas das dotacións orzamentarias para levalas a cabo que alí se indican.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.